

Os sonhos non son de ninguén

Pilar Ponte

4 de decembro de 2025

<https://www.farodevigo.es/faro-cultura/2025/12/04/libros-destacados-da-semana-124423294.html>

Para quen traballamos coa lingua, o nome de **Ramón Beltrán** (Camariñas, 1963) é ben coñecido por publicar manuais de gramática e aprendizaxe, mais agora este profesor de Historia en Muros abandona o xénero instrutivo e abre a porta da creación novelesca a través de Edicións Morgante (Rinoceronte Editora) coa novela ***As palabras de Morfeo***, se ben a literatura xa era para el un territorio previamente explorado a través da publicación de relatos curtos.

O detonante da trama é un sonho recorrente que ten o protagonista principal, un home de mediana idade, sen necesidades nin dependencias e que leva unha vida sen ilusións nin sobresaltos. A reiteración da ensoñación lévaa a recollela por escrito para inmortalizala polo miúdo, tal é o seu ensimesmamento que ata superar o cento de páxinas do texto non repara en que está a reproducir un idioma que non entende. A trama vai avanzar a partir desta necesidade de lle dar unha interpretación a esas palabras dun código descoñecido.

A través do seu único amigo, o mundo social do protagonista é ben reducido, entra en contacto cunha especialista en linguas romances que logo de ler o texto vai ditaminar que se trata dun exemplo de friulano antigo, unha lingua retrorrománica alpina que ela non domina á perfección, e ofrécelle poñerse en contacto co seu vello profesor, Vicente Neira, para o cal emprenden unha viaxe xuntos a Madrid.

A decisión do personaxe principal de chegar ao final tal cal o mito do minotauro pero cunha personalidade e unha determinación que xogan ás veces na súa contra, vaine embarcar nun periplo que nos vai levar por escenarios da Coruña, Santiago (o Derbi, Lavacolla), Ortigueira, Madrid e mesmo Udine en Italia. O intento de traducir o seu sonho embarcarao nunha aventura que mestura o pasado e o presente, o onírico e o real, e deste xeito, mediante flash backs coñeceremos a súa singular personalidade así como a historia das relacións entre o resto de personaxes para pechar un círculo de conexións necesarias e así chegar a un final que mesmo podemos intuír pero que garda un elemento sorpresivo co que non contamos.

Constrúe Beltrán así unha narrativa áxil sostida sobre poucas personaxes onde as figuras secundarias (Dolores, Marimí, Franco, Aróstegui) van chegar a ser as verdadeiras determinantes do desenlace e de como as relacións humanas, tamén as máis triviais, poden ser cruciais no destino.